

# Adaptación da Concreción Curricular Curso 2021/2022

Revisión Nº: 2  
Data aprobación  
Claustro: 26 abril  
2022



Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios de promoción.
3. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.
4. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022.
5. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

### 1.1. Criterios para establecer medidas de reforzo educativo

Ao longo do curso, no momento no que sexa detectada algunha necesidade de reforzo, pero especialmente nas avaliacións inicial, trimestral ou final, por parte do profesor-titor ou de calquera membro do equipo docente, o alumnado poderá ser proposto a reforzo, tendo especial seguimento o seguinte (coas correspondentes medidas de reforzo):

- Alumnado repetidor (en base ós informes do curso anterior, lle será deseñado un plan de reforzo co fin de reforzar as competencias nas que amosou máis dificultade)
- Alumnado con NEAE (plan de reforzo segundo informes e valoración do D.O.)
- Alumnado con A.C. (segundo a A.C. deseñada)
- Outro alumnado cuxa necesidade sexa detectada ó longo do curso (de obter avaliación negativa en algunha das materias ou outras dificultades)

Os plans de reforzo serán elaborados e desenvolvidos polo titor, polo docente da materia e/ou especialistas en PT/AL e dentro e/ou fora da aula, segundo as necesidades.

Estes plans de reforzo terán en conta:

- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
- Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houbese, tanto no D.O. como de titores/as anteriores.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.
- Dispoñibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de orientación.

### 1.2. Criterios avaliación alumnado con AC

Os criterios de avaliación, así como a metodoloxía e os instrumentos de avaliación do alumnado con A.C. serán os recollidos de forma particular para cada alumno/a no documento de A.C. En todo caso, o currículo de referencia para o alumnado con AC é a súa propia AC.

- Avaliación do alumnado con AC segundo a súa propia adaptación e segundo os obxectivos establecidos para el/ela.

Revisión da AC segundo a evolución do alumnado con adaptación unha vez oído o titor/a e seguindo as pautas do Departamento de Orientación

- Revisión da AC segundo a lexislación vixente.

- Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.

## 2. Criterios de promoción

### 2.1. Criterios de promoción (2º, 4º e 6º)

Promocionarase sempre con avaliación negativa en ata un MÁXIMO DE DÚAS materias.

No caso de ter TRES materias suspensas, o alumnado NON promocionará se acada avaliación negativa en tres das seguintes materias de forma simultánea: Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Matemáticas, Ciencias da Natureza ou Ciencias Sociais. (De ter dúas destas, e outra das que non está na lista, SI promocionará)

No caso de ter MÁIS DE TRES materias suspensas, non terá lugar a promoción ó seguinte curso, independentemente de cales sexan estas tres materias.

Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de

	<p>promoción establecidos para cada curso. Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.</p>
<b>2.2. Criterios para a toma de decisións.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeito colexiado.</li> <li>- Tendo en conta criterios de promoción establecidos.</li> <li>- Consideración da información e o criterio do profesorado titor.</li> </ul>
<b>2.3. Promoción automática</b>	1º, 3º e 5º cursos.
<b>3. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas</b>	
<b>3.1. Criterios xerais</b>	<p>Artigo 5.4 da <i>Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p> <p>Propoñerase o outorgamento dunha mención honorífica, segundo os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Superar todas as áreas da etapa</li> <li>- Obter sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias</li> <li>- Demostrar un rendemento académico excelente, que se considerará cando o alumnado obteña unha nota media no 6º curso de EP igual ou superior ó 9,5.</li> </ul>

#### **4. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022**

##### **4.1. Especificar o procedemento para o establecemento de medidas de reforzo educativo cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado ao longo do curso.**

Ao longo do curso, no momento no que sexa detectada algunha necesidade de reforzo, pero especialmente nas avaliacións inicial, trimestral ou final, por parte do profesor-titor ou de calquera membro do equipo docente, o alumnado poderá ser proposto a reforzo, tendo especial seguimento o seguinte (coas correspondentes medidas de reforzo):

- Alumnado repetidor (en base ós informes do curso anterior, lle será deseñado un plan de reforzo co fin de reforzar as competencias nas que amosou máis dificultade)
- Alumnado con NEAE (plan de reforzo segundo informes e valoración do D.O.)
- Alumnado con A.C. (segundo a A.C. deseñada)
- Outro alumnado cuxa necesidade sexa detectada ó longo do curso (de obter avaliación negativa en algunha das materias ou outras dificultades)

Os plans de reforzo serán elaborados e desenvolvidos polo titor, polo docente da materia e/ou especialistas en PT/AL e dentro e/ou fora da aula, segundo as necesidades.

Estes plans de reforzo terán en conta:

- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
- Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houberse, tanto no D.O. como de titores/as anteriores.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.
- Disponibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de orientación.

##### **4.2. Especificar os criterios de promoción en 2º, 4º e 6º cursos.**

Promocionarase sempre con avaliación negativa en ata un MÁXIMO DE DÚAS materias.

No caso de ter TRES materias suspensas, o alumnado NON promocionará se acada avaliación negativa en tres das

seguintes materias de forma simultánea: Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Matemáticas, Ciencias da Natureza ou Ciencias Sociais. (De ter dúas destas, e outra das que non está na lista, SI promocionará)

No caso de ter MÁIS DE TRES materias suspensas, non terá lugar a promoción ó seguinte curso, independentemente de cales sexan estas tres materias.

Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.

Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.

**4.3. Especificar os criterios para a elaboración do informe ao finalizar os cursos 2º e 4º sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.**

Despois da avaliación ordinaria de xuño, o profesor-titor de 2º e 4º elaborará un informe recollendo grao de adquisición das competencias, a través da valoración das destrezas/aptitudes/contidos desenvolvidos polo alumnado durante o curso, e en base á información acadada por el mesmo, xunto coas valoracións do resto do equipo docente.

No caso de que un alumno/a non acade unha valoración positiva nalgunha das competencias, deixarase recollido para ter en conta na avaliación inicial e deseñar o plan de reforzo correspondente, segundo o explicado no punto 1.1

**4.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

Utilizarase o modelo remitido pola Inspección Educativa

# EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

## 1 Criterios xerais para a avaliación do alumnado

<b>Criterios para o tratamento de materias pendentes</b>	<p>Para superar as materias pendentes doutros cursos haberá ao longo do curso, como máximo 3 convocatorias, entre setembro e maio, nas que o alumnado poderá ir superando materia (*). No caso de non superar a materia nestas tres convocatorias terán a oportunidade de facelo na avaliación final de xuño.</p> <p>Naquelas materias nos que os contidos se repitan e/ou amplíen en posteriores cursos, pode ser que algunha parte da materia pendente se dea por recuperada aprobando o correspondente do seguinte curso (*).</p> <p>Os contidos mínimos destas probas, os criterios e instrumentos de avaliación serán os que figuren na programación didáctica das materias pendentes.</p> <p>(*). Segundo se recolla nas correspondentes programacións.</p>
--	---

## 2 Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

<b>Criterios de promoción</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.</li><li>- Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:<ul style="list-style-type: none"><li>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</li><li>b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.</li><li>c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.</li><li>d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.</li></ul></li></ul> <p>Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.</p> <p>Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.</p>
-------------------------------	--

### 3 Criterios de titulación

<b>Criterios de titulación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.</li><li>- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:<ul style="list-style-type: none"><li>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</li><li>b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.</li><li>c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.</li></ul></li></ul> <p>Os criterios de titulación do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.</p>
--------------------------------	---

### 4 Criterios de outorgamento de matriculas de honra (ESO)

<b>Criterios xerais</b>	<p>Tendo en conta o alumnado matriculado no centro, corresponde 1 MH.</p> <p>Esta será outorgada ó alumno/a que teña maior media en 4º ESO.</p> <p>De haber máis de un/a coa mesma media farase media de 3º ESO, de haber máis de un/a coa mesma media en 3º ESO e 4º ESO farase a media de 2ºESO, de haber máis de un/a coa mesma media en 2ºESO, 3º ESO e 4º ESO farase a media de 1ºESO de haber máis de un/a coa mesma media en 1º, 2º, 3º e 4º ESO farase un sorteo.</p>
-------------------------	---

### 5 Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

#### 5.1 Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Manterase este curso 2021-2022 a oportunidade de recuperación das materias pendentes, cos instrumentos de avaliación que figuran nas programacións, na última semana de maio. De non superar a materia a finais de maio poderán presentarse a avaliación final de xuño co plan de reforzo que figura no plan individualizado do punto 5.3.

## **5.2 Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.**

Para o alumnado que non superou algunha o algunhas materias: Plan de traballo individualizado en base ao informe do 5.3.

Para o alumnado que aprobou daráselle a oportunidade de subir nota, ata un punto como máximo, a través de tarefas ou proxectos de ampliación dos contidos non dados ou presentándose á proba final nas unidades xa dadas e que queira subir a nota.

Intentarase reorganizar o horario do profesorado co fin de que poida haber dous profesores por aula.

## **5.3 Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.**

A coordinadora de etapa compartirá un documento por alumno/a en SharePoint do correo corporativo unha semana antes da 3ª avaliación, este documento terá o nome do alumno/a, o curso e as materias. Cada profesor/a cubrirá no apartado de observacións as unidades didácticas non superadas e o plan de reforzo.

En todo caso haberá que terá en conta:

- Análise dos resultados das avaliacións.
- Informes se os houberse, tanto no D.O. como do profesorado que imparte docencia ao alumno/a.
- Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.
- Disponibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de orientación.

## **5.4 Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

Utilizarase o modelo remitido pola Inspección Educativa



# EDUCACIÓN PRIMARIA/EDUCACIÓN SECUNDARIA

Aprobación e publicidade	
<b>Aprobación</b>	Procedemento para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022: reunión de claustro con data:
<b>Publicidade</b>	<p><b>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas:</b> as modificacións da concreción curricular e das programacións serán publicadas na páxina web do centro. Enviarase mensaxe a través da plataforma Esemtia ás familias do alumnado do centro coa ligazón e una pequena explicación. Será presentada en Consello Escolar.</p> <p><b>Data publicidade na páxina web do centro:</b> 28 de abril de 2022 Data información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Esemtia: 29 de abril de 2022.</p>